



José María Barja. &gt; AGN

## A UDC continúa desencantada co proceso sobre as prácticas médicas

AGN

O reitor da Universidade da Coruña (UDC), José María Barja, lamentou onte que a reunión da comisión de coordinación do protocolo para as prácticas de Medicina servise unicamente para constituír a mesa que desenvolverá o convenio, asinado en 2008, no que se establece o sistema de elección dos docentes nos hospitais. "Crín que xa o superamos, pero aínda estamos nesa fase".

Barja confirmou que a UDC xa recibiu a resposta ao recurso de reposición que interpuxo contra a USC por non axustarse a ese protocolo e convocar de forma unilateral as prazas para docentes de Medicina nos hospitais galegos.

O reitor precisou que, nestes momentos, os servizos xurídicos estudan esa resposta, que curiosamente debía tramitar a propia USC. "Temos que reunir a documentación", dixo.

# Unha axente de seguros estafou no Morrazo máis de dous millóns

> Foi enviada á cadea > O home e a filla, tamén detidos > Hai uns 50 afectados

AGN A. Espiño

A Garda Civil de Pontevedra detivo a responsable de dúas axencias de seguros da comarca pontevedresa do Morrazo por un suposto delito de estafa na xestión de seguros e fondos de investimento a uns 50 clientes e por un importe superior aos dous millóns, aínda que hai quen cifra en fraude en cinco millóns. A arrestada foi xa enviada á prisión da Lama.

Ademais, nesta primeira fase da operación *Embrujo*, aparte da principal responsable, M.P.G., de 50 anos e veciña de Bueu, que rexentaba dúas axencias abertas ata hai poucos meses nas localidades de Cangas e Marín, detivéronse tamén outras dúas persoas.

En concreto, trátase doutros dous membros da súa familia: o seu esposo, A.L.M., de 53 anos; e a súa filla, R.L.P., de 28, pola súa presunta colaboración na estafa, e aos que se lles imputa a autoría de varios delitos.

As investigacións iniciáronse o pasado mes de xullo logo da denuncia presentada no xulgado de instrución número 3 de Cangas por unha persoa que se decatou de que fora enganada no trámite duns fondos de investimento (726.000 euros).

Ao parecer, a responsable destas dúas axencias, á que algúns onte xa chamaban a *Madoff do Morrazo*, ofrecía aos clientes varios produtos financeiros, basicamente fondos de investimento, cunha alta rendibilidade do 10%, que documentaba case sempre con papeis falsos.

Esta actividade, que realizada desde 2005, permitiulle a captación dunha importante carteira de clientes e, sobre todo, un notorio incremento patrimonial que a levou á adquisición e compra de varios inmobles, entre eles un luxoso chalé en Bueu, varios vehículos e a constitución de varias sociedades comerciais con catro tendas de roupa e dous restaurantes.



Responsables de Telefónica, onte en Santiago na presentación do informe. &gt; J. Barcala

## O ordenador xa está en máis da metade dos fogares da comunidade

Europa Press

O Observatorio Galego da Sociedade da Información presentou o informe *Galicia e a Sociedade da Información 2008*, no que se recolle que o 58,5% dos fogares galegos ten ordenador, máis dun 42% conta con acceso a internet e un 38% conéctase a través de banda larga. Nas empresas, un 93% de pemes está conectada.

O informe tamén indica que un 8,5% da poboación galega adquiriu algún produto ou servizo a través de internet e a compra de viaxes sitúase en primeiro lugar, cun 54,4% do total. Por detrás, ségueno as entradas de espectáculos (21,9%), o equipamento informático (18,6%), os libros e revistas (16,5%) e os vídeos e música (15,5%).

### Asimelec e Agestic organizan en Santiago e Vigo unhas xornadas sobre o Fogar Dixital

A Asociación Multisectorial de Empresas de Tecnoloxías da Información, Comunicacións e Electrónica (Asimelec), coa Asociación Galega de Empresas TIC (Agestic), organizan en Vigo e Santiago de Compostela o mes que vén unhas xornadas sobre o Fogar Dixital, dirixidas sobre todo a pemes. Os interesados poden inscribirse para asistir ás xornadas en calquera das dúas cidades na páxina web [www.asimelec.es](http://www.asimelec.es) ou ben no número 902.365.612.

## As redes sociais chegan a un 76 por cento dos internautas

ADN-LV

A rede de blogs Ocio Networks, que conta con máis de cinco millóns de usuarios, elaborou este ano por primeira vez un *Estudo de Hábitos de Internet*, no que entrevistou 2.075 españois. O estudo apunta a que a maioría dos internautas utiliza algunha rede social —un 76% dos enquisados— e o uso de internet diminúe o consumo de televisión e a lectura.

En concreto, Facebook é a rede social máis usada, mentres que as redes sociais de carácter laboral e de emprego son as que menos.

Outro dos aspectos relevantes desta enquisa atópase en que un 57,9% dos españois afirma que internet se converteu nun medio de axuda nas súas relacións persoais, sobre todo para os usuarios de redes sociais; e un 87% non pagaría por contidos na Rede.

Vente a ver el partido con nosotros y de paso te tomas una buena cerveza de importación

Rúa del Villar, 70 bajo  
Telf.: 639 343 443 - Santiago de Compostela

odía en números

73%

DE FOGARES TEÑEN XA SINAL DE TDT NOS 18 CONCELLOS OURENSÁNS DO PLAN EXPERIMENTAL

O 89% de vivendas de toda a provincia xa está antenizada e un 98% dos cidadáns di coñecer o novo sistema audiovisual, segundo Red.es

Tecnología para tus sentidos  
[www.nevir.es](http://www.nevir.es)

Televisor LCD con TDT y DVD  
EL TELEVISOR QUE LO LEE TODO

La nueva generación de la tecnología. Nueva televisión LCD de Nevir. Tecnología que significa conjunto de tecnologías que permiten conectar algunos y mejorar para adaptar al medio y cambiar al usuario con facilidad. Nevir presenta sus nuevos televisores con un diseño innovador, exclusivo y sencillo. Podrá disfrutar de sus programas favoritos con la Televisión Digital Terrestre TDT y de las mejores películas en DVD. Todo ello con conectividad HDMI, USB y lector de tarjetas.

www.nevir.es